

Premios Aprendizaxe-Servizo 2015

Bases para a presentación de proxectos

A **Rede Española de Aprendizaje-Servicio**, **Fundación Educo** e a **Editorial Edebé** convocan a centros de Educación Infantil- Primaria, ESO - Bacharelato e Formación Profesional, así como a entidades sociais que estean a desenvolver prácticas de aprendizaxe-servizo, a participaren da primeira edición dos **Premios Aprendizaxe-Servizo**.

Obxectivos do premio

1. Recoñecer o labor dos centros educativos e entidades sociais que integran a aprendizaxe dos estudantes con accións solidarias encamiñadas a mellorar a calidade de vida comunidade.
2. Recoñecer as prácticas de aprendizaxe-servizo como ferramenta de éxito educativo e compromiso social.
3. Reforzar e divulgar unha cultura participativa, solidaria e de compromiso cívico, incentivando a difusión e posta en marcha da aprendizaxe-servizo.

Características e requisitos

1. Quen pode participar?

Poderán participar na convocatoria dos Premios de Aprendizaxe-Servizo 2015 todos os **centros educativos** públicos, concertados ou privados, dos niveis de Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional que estean a desenvolver prácticas de aprendizaxe-servizo en calquera das Comunidades Autónomas

Tamén poden participar as **entidades sociais** (movementos e asociacións xuvenís, clubs de lecer e agrupacións scout, asociacións de voluntariado, medioambientais, culturais, etc.) que estean a desenvolver prácticas de aprendizaxe-servizo en calquera das Comunidades Autónomas

Posto que os premios van encamiñados aos sectores educativos non-universitarios, as institucións universitarias non poderán participar presentando proxectos da súa propia área, con todo, si poderán contribuír como colaboradoras dos centros de ensino ou entidades sociais que se presentan a esta convocatoria.

É indispensable que a presentación do proxecto á convocatoria veña avalada polo **director ou directora da institución** (centro educativo ou entidade social), non só pola persoa responsable do proxecto.

2. Que tipo de proxectos se poden presentar?

Só se aceptarán proxectos de aprendizaxe-servizo que se teñan levado a termo integramente no **curso 2014-2015**.

Polo tanto, non se han ter en conta experiencias realizadas e concluídas con anterioridade a ese período ou ben proxectos aínda non confirmados na práctica.

Entendemos por **aprendizaxe-servizo**:

Unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben artellado onde os participantes aprenden a traballar con necesidades reais da súa contorna a fin de melloralas.

3. Que se valorará especialmente?

- Vinculación estreita entre aprendizaxes e servizo realizado.
- Envergadura da práctica consonte a cantidade de nenos, nenas, mozos ou mozas implicados no proxecto, a cantidade de persoas destinatarias do servizo e a duración do proxecto.
- Traballo en rede entre centros educativos e entidades sociais do territorio para levar a termo o proxecto.
- Servizo desenvolvido fóra do centro educativo ou a entidade social e na súa contorna próxima.
- Participación activa dos cativos e adolescentes ao longo de todo o proxecto: na detección de necesidades, no deseño do proxecto, a súa realización e avaliación final.
- Accións que promovan o pensamento crítico na aprendizaxe do alumnado.
- Proxectos protagonizados por poboación en risco de exclusión social.
- Proxectos de difusión e apoio aos dereitos humanos e dereitos da infancia,

4. Como se presenta un proxecto?

Cada proxecto será presentado en **formato dixital** e en **calquera das linguas oficiais** do Estado a través de:

1. Un **formulario** de inscrición. (Anexo 1)
2. Un **documento** descritivo do proxecto de como máximo 12 páxinas e 20.000 caracteres contando espazos. (Anexo 2)
3. Un **vídeo** sobre a experiencia. (Anexo 3).

Só se admitirán **un máximo de 2 proxectos** por centro/entidade participante e deben de ser de categorías diferentes.

Desbotaranse todas as presentacións que excedan as dimensións indicadas ou non presenten algún dos seus compoñentes.

5. Para onde e cando debe de enviarse o proxecto?

Para participar na convocatoria, deberán enviarse o formulario de inscrición, o documento do proxecto e o vídeo antes do **30 de outubro do 2015**, tal como se especifica nos anexos 1, 2 e 3, a través da web dos Premios Aprendizaxe-Servizo: **www.aprendizajeservicio.com**

6. Que premios hai?

Hai tres categorías de premios:

- A. Infantil - Primaria.
- B. ESO - Bacharelato
- C. Formación Profesional.

As entidades sociais deberían presentarse na categoría correspondente aos tramos de idades coas que traballan.

En cada unha destas tres categorías de premios serán atribuídos:

- un primeiro premio de 2.000 €.
- un segundo premio de 1.500 €.
- un premio especial Dereitos Humanos de 1.500 €.

A contía do premio deberá ser investida no desenvolvemento e prolongamento da experiencia presentada ou para comezar unha nova. No caso de que a experiencia sexa presentada por mais dun centro educativo ou entidade social, as partes implicadas acordarán como repartir o premio e o xurado entenderá que a presentación da experiencia xa comporta este acordo previo.

7. Onde e cando se entregan os premios?

Os premios entregaranse o día 11 de decembro de 2015 no marco do VIII Encontro da Rede Española

O anuncio dos proxectos premiados terá lugar durante o mes de novembro no sitio de internet dos Premios Aprendizaxe-Servizo www.aprendizajeservicio.com

8. Quen avalía os proxectos?

O xurado está composto por membros da Red Española de Aprendizaje-Servicio, da Fundación Educo e da Editorial Edebé.

9. Aceptación das bases

A participación dos centros educativos e entidades sociais nos Premios de Aprendizaxe-Servizo 2015 implica a aceptación das bases desta convocatoria, así como as resolucións do Xurado, que decidirá en instancia única e sen recurso de reconsideración nin de apelación.

Unha vez que se coñeza a decisión do xurado, todos os proxectos que se presenten a esta convocatoria, independentemente de que teñan sido ou non premiados, poderán ser incluídos nun banco de experiencia co obxectivo de dar difusión ás boas prácticas de aprendizaxe-servizo que se realizan en España. Esta recolla de proxectos poderase publicar nas webs das entidades convocantes.

Premios Aprendizaxe-Servizo 2015

ANEXO 1. Formulario de inscrición

Este formulario farase acompañar do documento que desenvolve o proxecto .

Título do proxecto:	
Nome do centro ou entidade responsable	Natureza: <input type="checkbox"/> Centro educativo (Infantil-Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional). <input type="checkbox"/> Entidade social (Asociación, Fundación, Centro de Lecer, Grupo Scout).
Enderezo:	
Poboación:	Código postal:
Teléfono:	NIF do centro ou entidade:
Correo electrónico do centro:	
Persoa responsable do proxecto no centro:	Director / Directora do centro:
Correo electrónico:	Correo electrónico:
Sinopse do proxecto: (Debe coincidir co texto do documento presentado)	
Data de inicio do proxecto:	Data de finalización:
Ligazón ao vídeo que acompaña o proxecto:	

Nivel educativo: <input type="checkbox"/> Infantil - Primaria. <input type="checkbox"/> ESO - Bacharelato <input type="checkbox"/> Formación Profesional	Número de nenos, nenas e mozos e mozas participantes:
Están os nenos, nenas e mozos e mozas participantes a atravesar algunha situación de dificultade social ou de menores oportunidades? <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI En caso que si, cal?:	Curso / Idade dos participantes:
Materias ou espazos curriculares en que se inscribe o proxecto: <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	Número e características das persoas destinatarias do proxecto:
Entidades / Institucións que colaboran impulsando o proxecto:	
Ámbito do servizo: Sinalar o que proceda, tendo en conta que se refire ao ámbito de destino do servizo e non ao que pertencen os actores do mesmo. <input type="checkbox"/> Acompañamento á formación e a lectura. <input type="checkbox"/> Apoio a persoas con necesidades especiais. <input type="checkbox"/> Apoio a persoas maiores. <input type="checkbox"/> Protección da natureza, animais e medio ambiente. <input type="checkbox"/> Participación cidadá <input type="checkbox"/> Dereitos Humanos / Dereitos da Infancia. <input type="checkbox"/> Inclusión social / Fomento da convivencia. <input type="checkbox"/> Cooperación ao desenvolvemento <input type="checkbox"/> Promoción da saúde e a seguridade <input type="checkbox"/> Arte e patrimonio cultural, artístico e <input type="checkbox"/> histórico. Difusión das TIC <input type="checkbox"/> Outros (especificar:.....)	

Premios Aprendizaxe-Servizo 2015

ANEXO 2. Modelo de documento do proxecto a presentar á convocatoria

Requisitos

- a) Para acceder á convocatoria es necesario presentar un documento que describa o proxecto, xunto co formulario de solicitude de participación, ambos en formato dixital acompañados dun vídeo da experiencia.
- b) De calquera xeito, tratarase dun proxecto que se teña posto en marcha na práctica, non dunha idea aínda pendente de se concretar.
- c) O documento non deberá exceder as 12 páxinas nin ter máis de 20.000 caracteres, contando espazos.
- d) Poderá conter esquemas, fotos e todo tipo de ilustracións sempre e cando non supere nin o número de páxinas nin o de caracteres.
- e) O documento deberá describir necesariamente os 12 apartados que se detallan a continuación:
 - 1. Sinopse do proxecto.
 - 2. Ficha técnica.
 - 3. Necesidade social que atende o proxecto.
 - 4. Obxectivos de aprendizaxe e vinculacións curriculares.
 - 5. Obxectivos do servizo a realizar
 - 6. Traballo en rede que require o proxecto.
 - 7. Calendario e descrición das fases do proxecto
 - 8. Actividades de aprendizaxe e de servizo.
 - 9. Celebración.
 - 10. Difusión.
 - 11. Orzamento, recursos humanos e materiais.
 - 12. Avaliación do proxecto.

Orientacións para redactar o proxecto

1. Sinopse do proxecto (debe coincidir coa información do formulario de inscrición)

Breve e clara introdución ao proxecto non superior aos 700 caracteres, na que se describe resumidamente o servizo que levan a cabo os participantes así como a aprendizaxe básica que se consegue.

2. Ficha técnica (debe coincidir coa información do formulario de inscrición)

Título do proxecto:

Nome do centro ou entidade responsable e datos (endereço, poboación, código postal, teléfono, NIF, correo electrónico do centro)

Persoa responsable e correo electrónico da mesma: Ligazón ao vídeo que acompaña o proxecto:

Curso/idade e número de nenos, nenas e mozos e mozas

participantes: Materias ou espazos curriculares:

Número e características das persoas destinatarias do proxecto:

Entidades / Institucións que colaboran impulsando o proxecto:

Ámbito do servizo:

3. Necesidade social que atende o proxecto

Breve descrición do reto, problema ou necesidade social concreta (cultural, asistencial, educativa, medioambiental, sanitaria, dereitos humanos...) no que incide o proxecto e sobre o cal traballan os participantes.

Exemplos: incidencia dos accidentes de tráfico na nosa poboación, aumento dos casos de malnutrición, degradación da nosa contorna natural, situación de illamento das persoas maiores, descoñecemento do patrimonio arquitectónico por parte da poboación...

4. Obxectivos de aprendizaxe e vinculacións curriculares

Referir aquí os obxectivos educativos centrais do proxecto. Recomendamos citar de maneira sucinta e clara só os máis importantes.

Relacionar o servizo que se realiza cos contidos das materias académicas ou espazos curriculares nos que se insire o proxecto, ou ben, no caso de entidades sociais, coas áreas educativas que lle son propias. Recomendamos expresar esta relación nun esquema.

5. Obxectivos do servizo a realizar

Referir aquí os resultados tanxibles e actuacións concretas a culminar a través do servizo.

Exemplos: construír 20 caixas niño e colocalas no bosque; organizar un obradoiro de música cos avós e elaborar con eles un cancionero; elaborar un vídeo de promoción e organizar 7 visitas guiadas ao monumento X...

6. Traballo en rede que require o proxecto

Referir aquí as entidades, centros ou institucións que comparten o proxecto, explicando cal é o seu papel nel e como se coordinan entre elas.

7. Calendario e descrición das fases do proxecto

Presentar un esquema temporal do desenvolvemento do proxecto cunha breve descrición das fases do mesmo.

8. Actividades de aprendizaxe e de servizo.

Describir as principais actividades de aprendizaxe directamente vencelladas ao proxecto así como as actividades e tarefas do servizo. No caso dun proxecto de protección e difusión dun parque público:

Exemplo de actividades de aprendizaxe: Citar as actividades de coñecemento do parque público, visita da brigada municipal de parques e xardíns, análise do deterioro, reflexión sobre as causas e consecuencias, etcétera.

Exemplo de actividades de servizo: Citar as actividades de deseño, organización e posta en práctica da campaña de limpeza da zona e de difusión do seu valor entre a veciñanza, etcétera.

9. Celebración

Describir como se amosa/celebra o resultado do proxecto: festa, acto de recoñecemento, encontro cos destinatarios, espazo nas actividades de final de curso do centro...

10. Difusión

Describir que medios e estratexias se empregaron para conseguir a difusión do proxecto: web, redes sociais, prensa, dípticos, televisión...

11. Orzamento, recursos humanos e materiais

Resumir o orzamento do proxecto, referindo os recursos que mobiliza o centro ou entidade para tornalo posible: docentes, voluntariado, persoas colaboradoras, apoio institucional, subvencións ou acordos, recursos da entidade destinataria, etcétera.

12. Avaliación do proxecto.

Referir as conclusións da avaliación realizada do proxecto, tanto na súa dimensión pedagóxica coma na súa dimensión de servizo (se se acadaron ou non os obxectivos propostos, as dificultades identificadas...) facendo mención ao nivel de participación dos protagonistas, a entidade social ou as persoas destinatarias.

Premios Aprendizaxe-Servizo 2015

ANEXO 3. Bases para a presentación do vídeo

O vídeo virá acompañado do formulario de inscrición e do documento que desenvolve o proxecto.

Obxectivo do vídeo:

O vídeo que acompaña ao documento descritivo do proxecto de aprendizaxe-servizo ten como finalidade ilustrar o mesmo, especialmente a posta en práctica do proxecto; recoller aqueles aspectos que os participantes desexen sinalar e contribuír á difusión do proxecto concreto e da aprendizaxe-servizo en xeral.

Requisitos

1. Só se presentará un vídeo por proxecto de aprendizaxe-servizo
2. O vídeo debe ser orixinal e os autores deberán utilizar imaxes e bandas sonoras libres de dereitos.
3. Non se admiten vídeos que traten de temáticas distintas do proxecto presentado, que teñan contidos publicitarios ou contrarios aos valores éticos que inspiran a pedagogía da aprendizaxe-servizo
4. Os vídeos deberán subirse ao Youtube ou Vimeo en modalidade "público" e pór a ligazón na folla de inscrición e no documento do proxecto que se presenta na convocatoria

Valoraranse especialmente aqueles vídeos que, mantendo a finalidade de ilustrar claramente o proxecto, teñan unha duración breve non superior a 5 minutos.

Responsabilidades legais

1. Os responsables do proxecto deberán garantir que se obtivo o consentimento das persoas que aparecen no vídeo e o consentimento dos pais, nais ou titores legais dos menores de idade¹.
2. A Red Española de Aprendizaje-Servicio e Edebé entenden que os centros educativos e entidades sociais que participan nesta convocatoria contan con este consentimento debidamente asinado polos pais e polo tanto, declinan calquera responsabilidade.
3. Os autores dos vídeos aceptan adherirse á licenza Creative Commons (by-nc-nd)² e, polo tanto, son coñecedores de que as obras que envíen ao concurso poden ser utilizadas por todos os que quixeren sempre que refiran a fonte (autor/a, centro educativo o entidade social e data).
4. A Red Española de Aprendizaje-Servicio e Edebé non asumen calquera responsabilidade legal relacionada co contido dos vídeos presentados; co incumprimento en materia de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe e co cumprimento parcial das bases desta convocatoria por parte dos ou das participantes, sendo os autores/as os únicos responsables legais do vídeo e dos seus contidos.
5. A participación neste concurso implica a aceptación e o compromiso do cumprimento destas bases.

¹ Atendendo ao artigo 18.1 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, ao artigo 18.4 e regulado pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

² Recoñecemento – Non Comercial – Sen Obra Derivada (by-nc-nd).